

MEMORIA

2021-2022





*A intelixencia colectiva é a
única que move o mundo.*

Rosalía Mera

Presidenta da Fundación Paideia Galiza entre 1986 e 2013.

I ÍNDICE

Introducción e misión	5
Sedes	7
Discapacidade e emprego	9
Desenvolvemento rural	23
Xuventude e mobilidade	35
Emprendemento	45
Formación	67
Outros proxectos	77
Padroado	83
Equipos	85
Datos económicos	89



FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

Rosalía Mera constituíu a Fundación Paideia Galiza en 1986 desde a profunda convicción do **potencial transformador do ser humano**. A fundación naceu como un espazo de debate e reflexión nas ciencias humanas e sociais. Desde a súa creación, foi tendo en conta diferentes disciplinas, prácticas e discursos profesionais.

Ao longo de todos estes anos, foise consolidando e expandindo a través de iniciativas que tratan de incidir fundamentalmente no **contorno social galego**, coa intención de contribuír á dinamización do seu tecido social.

Tendo sempre presentes as súas orixes, os seus proxectos están dirixidos a aquelas persoas que teñen menos oportunidades para acceder ao mercado de traballo, centrándose nas seguintes áreas e colectivos: **discapacidade e emprego; xuventude e mobilidade; emprendemento; desenvolvemento rural e formación**.

O noso obxectivo é atopar modelos que busquen un maior **equilibrio** e reforcen os valores da **xustiza social**, sen esquecer o compromiso coa **igualdade, a innovación ou a sustentabilidade** e sempre con vocación de **traballo en rede**, promovendo a colaboración con axentes sociais, públicos e privados.

MISIÓN

Provocar cambios sociais que favorezan a igualdade de oportunidades, creando espazos de formación e reflexión, e as condicións necesarias para o desenvolvemento integral das persoas.



SEDES



SEDE A CORUÑA
Praza María Pita, 17
15001 A Coruña
981 223 927
www.paideia.es



SEDE PADRÓN
A Escravitude, s/n
Sta. Mª de Cruces
15980 Padrón. A Coruña
981 817 000

CENTROS DE TRABAJO



CULTIGAR
Laboratorio de
Biotecnología Vexetal.
Brión, A Coruña.
www.cultigar.es



CIE MANS
Centro de Iniciativas Empresariais.
Viveiro de empresas e coworking.
A Coruña.
www.mans-paideia.com




ESTUDIOS MANS
Estudio de grabación e
plató audiovisual.
A Coruña.
www.estudiosmans.com

EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL



trébore
jardinería, sl
Economía Social
www.treborejardineria.com



trébore,sl
regalo de empresa - diseño gráfico
Economía Social
www.trebore.com



trébore,sl
servicio integral



DISCAPACIDADE E EMPREGO

PROXECTO ANTEAR

GRUPO TRÉBORE

SIAXS

As persoas con discapacidade foron tradicionalmente apartadas do mundo laboral, por prexuízos e estereotipos, que agravaron a súa situación de desvantaxe e exclusión.

Desde os seus inicios, a **Fundación Paideia Galiza apostou polo emprego como unha ferramenta poderosa para xerar cambios**, capaz de transformar as persoas e convertelas en protagonistas das súas vidas.

O emprego posiciónanos na sociedade, fainos ter voz propia e facernos donos do noso futuro.

Durante máis de 25 anos comprobamos o valor da inserción laboral como un instrumento para vencer prexuízos e promover cambios na percepción social da discapacidade.

Cando consigues un emprego, convérteste en protagonista da túa propia historia.



PROXECTO ANTEAR

2021-2022

O proxecto Antear nace no ano 1995 co obxectivo de facilitarlles o acceso ao emprego ás persoas con discapacidade e provocar cambios **na percepción social que existía da discapacidade.**

Deseñouse unha metodoloxía específica centrada nas capacidades das persoas e no **poder transformador do emprego.** A formación e a capacitación a través de experiencias laborais en empresas é unha peza clave neste proceso.

A sensibilización do tecido empresarial permitiu que as persoas que se aproximaron a nós, ao longo de todos estes anos, tivesen a oportunidade de acceder a un posto de traballo. As empresas colaboradoras contribuíron tamén a romper barreiras e prexuizos, favorecendo o cambio social.

Cada ano incrementábase o número de persoas que confían en nós para iniciar ou retomar a súa vida laboral. Tamén crece cada ano o número de empresas que se incorporan como colaboradoras, ofrecendo novas oportunidades laborais, contribuíndo á sensibilización e impulsando a súa responsabilidade social.



para ti

NA HORTA
HORTA BAA
MONTA DE
II

NA HORTA
HORTA BAA
MONTA DE
II

NA HORTA
HORTA BAA
MONTA DE
II

SABORES & EM

0,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

0,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

1,99

4,20

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

2,99

P.V.P. 3,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

P.V.P. 1,99

ALCANCE PROXECTO ANTEAR







GRUPO TRÉBORE

2021-2022

O Grupo Trébore é un **grupo de empresas de economía social creado, dirixido e xestionado pola Fundación Paideia Galiza desde o ano 2000**. Xorde da necesidade de crear unha plataforma de formación e acceso ao emprego, dirixida a persoas con discapacidade e en risco de exclusión social e como paso previo á inserción no emprego ordinario.

O Grupo Trébore, que conta con máis de 70 traballadores, desenvolve a súa actividade produtiva e formativa no ámbito do deseño gráfico e regalo de empresa, o mantemento de instalacións e a xardinaría e o viveirismo.

○ **Servizo de Información e Asesoramento Xurídico e Social - SIAXS** púxose en marcha no ano 1998.

Xorde para dar resposta a dúbidas e interrogantes que expoñían as persoas con discapacidade e as súas familias acerca de prestacións, pensións, incapacitación, emprego...

Diferenciámonos doutros servizos porque integramos **a perspectiva xurídica e a social**. Un equipo de profesionais de distintas disciplinas como o dereito, o traballo social ou a psicoloxía colaboran conxuntamente para informar e asesorar de forma integral.

“A axuda recibida polas asesoras xurídicas do SIAXS supuxo coñecer unha vía onde os meus dereitos como muller con discapacidade física severa son escoitados e ben asesorados. O máis importante é ter en conta sobre todo o amparo das leis que nos protexen como colectivo, xa que moitas veces as descoñecemos”.

CCR

“Explicóuseme de forma moi clara en que consistían os proxectos da Fundación e que, en caso de necesitalo, existía tamén un servizo xurídico gratuito para axudarme en temas legais. Axudáronme a resolver nestes momentos de incerteza todas as dúbidas que me xurdiron en canto a procedementos, documentación e comunicación coas administracións”.


JLBR



ALCANCE SIAXS

- 328 SOLICITUDES DE INFORMACIÓN
- 715 ENTREVISTAS REALIZADAS
- 428 BENEFICIARIOS/AS DIRECTOS/AS

T TESTEMUÑOS



“Necesitamos de alguén que nos bote unha man, que nos acolla, sobre todo ao principio. Empezar a traballar supuxo deixar atrás a incerteza. Consegues por fin a estabilidade que necesitas. Traballar nunha empresa axúdache a relacionarte coa xente e co mundo en xeral e a asumir unha serie de valores”.

LUIS MEJUTO
Grupo Gestán




“Empezar a traballar anímicamente supúxome moito, porque pensaba que xa non era útil. Este traballo fixo que volveise sentirme útil e con ánimo”.

JESÚS VEIGA
Inusual



“O traballo supúxome unha independencia económica e unha mellora da autoestima moi importante. Pode parecer pouco, pero é moito”.

ALBERTO CASTELL
Grupo Trébore



“Desde que empecei a traballar xa non son a mesma persoa de antes. A nivel persoal desenvólome moito mellor. Noto o cambio sobre todo no trato coa xente, convertínme nunha persoa moito máis sociable”.

SANDRA LÓPEZ
Grupo Trébore



DESENVOLVEMENTO RURAL

ASOCIACIÓN DE LOA CULTIGAR

Os territorios son espazos de potencialidades, pero tamén de desigualdades e carencias, especialmente se se pensa nas zonas máis rurais, ou de situacións de desvantaxe con relación ao sistema rexional-global. Concibimos o desenvolvemento territorial como un **proceso de organización e innovación social participada**, dirixido a espertar e fortalecer capacidades da sociedade local, respectando a singularidade e sustentabilidade dos territorios implicados.

Desde a Asociación de Desenvolvemento Local DELOA, presidida pola nosa fundación, foméntase o **traballo colaborativo e en rede público-privado-comunitario** como un sinal de identidade.

Á actividade desta área de traballo súmase **CULTIGAR**, un Laboratorio de Biotecnoloxía Vexetal, situado no concello de Brión e pioneiro en Galicia no ámbito de I+D. Desde este laboratorio contribúese tamén a preservar a saúde e a biodiversidade de ecosistemas e territorios.

Queremos imaxinar un territorio máis sustentable, máis xusto e máis próspero.





ASOCIACIÓN DE LOA

2021-2022

A Asociación de Desenvolvemento Local Deloa é un espazo de colaboración público-privado para o desenvolvemento territorial nas comarcas de Sar, A Barbanza, Muros e Noia. Durante o período 2021-2022 ampliouse e fortaleceuse o traballo cooperativo entre distintos axentes do territorio.

Ademais de dar continuidade ao **apoio do emprendemento rural, privado e público**, a través da xestión do **programa LEADER** durante os anos 2021-2022, DELOA promoveu a participación social a través de diferentes actuacións:

1. Constitución dun **grupo de cocreación** para a análise participativa e o deseño de propostas para o territorio.
2. O **impulso de espazos de debate** a través do ciclo de xornadas ***Cara a unha economía local rexenerativa***.
3. A potenciación do traballo en rede co mundo educativo e cos propios concellos, dirixida a fortalecer a **empregabilidade dos mozos** a través de accións de formación.
4. A participación da Fundación Paideia en diferentes contextos e con distintos actores para valorar temáticas de

impacto no desenvolvemento dos territorios do medio rural galego (comunidades enerxéticas, usos do Pazo de Goiáns en Boiro, arquitectura sustentable ou outras).

5. A cultura como eixe de desenvolvemento impulsouse a través da organización de:
 - » **Residencias artísticas itinerantes** en diferentes concellos.
 - » A posta en marcha do **primeiro coworking de emprendemento sustentable de proxectos culturais e artísticos no rural**, impulsado pola nosa organización, a EOI e varios Grupos de Desenvolvemento Rural.
 - » **Interritmos Sons do Rural**, evento que desde 2011 pon en valor a música tradicional e de raíz e no que colaboraron diferentes Grupos de Desenvolvemento Rural.
 - » **Proxecto de cooperación no que participan** oito GDR galegos e un estremeño para a **elaboración dun diagnóstico sobre a cultura rural sustentable**, desde a perspectiva dos promotores comunitarios de eventos rurais con espectáculos en vivo.



ALCANCE ASOCIACIÓN DE LOA



741 PARTICIPANTES
EN XORNADAS



48 CONCELLOS
TRABALLANDO EN REDE



184 MÚSICOS/AS INSCRITOS
EN INTERRITMOS



81 PROMOTORES ASESORADOS
DE AXUDAS LEADER

T TESTEMUÑOS



ATMOS HOTEL BOUTIQUE Serra de Outes

"Dela foi un dos principais impulsores deste proxecto, non só polo apoio económico, senón porque, cando fas un proxecto destas dimensións no medio da pandemia e chegan os momentos de desánimo, sempre estiveron aí e axudáronnos a saír adiante".

FRANCISCO DOSIL
Promotor de Atmos Hotel.



INTERRITMOS SON DO RURAL

"O baile, a fala e o canto son a esencia do territorio, como a música o é a Interritmos Sons do Rural".

JULIA POZO
Presentadora do Interritmos.



FORO EMPUXE

“Hoxe estamos aquí moitas persoas, para falar do futuro das persoas neste territorio. Con este foro queremos incitar, avivar e impulsar o debate activo e imaxinar un territorio máis sustentable, máis xusto e máis próspero”.

MARGA PAZOS

Presentadora do Foro Empuxe.



**PROXECTO EDUCATIVO DO MONTE VECIÑAL DO FIEITOSO
Taragoña. Rianxo**

“Mais ca leña permite que o alumnado poida coñecer os distintos desenvolvementos agroforestais e gandeiros que pon en marcha esta comunidade: micoloxía, apicultura, produción de castaña e aproveitamento resineiro, así como gandaría caprina. Tamén o uso do monte como espazo de gozo e lecer”.

COMUNIDADE DE MONTES DO FIEITOSO.



VAR.

AL. B. P. T. E.

Yiggar



CULTIGAR 2021-2022

Cultigar é un laboratorio de biotecnoloxía vexetal que utiliza a técnica do cultivo *in vitro* para tentar dar resposta ás necesidades e ás problemáticas do sector agrícola e forestal, apostando pola **investigación, a innovación e a calidade sanitaria** dos cultivos.

Poñemos en valor os recursos xenéticos, fundamentalmente galegos, realizando selección e mellora dalgunhas especies ou reproducindo outras que non o poden facer por métodos tradicionais. Isto non só permite a **conservación da biodiversidade** tan ameazada actualmente polo cambio climático, senón que contribúe a ter un **sector agroforestal máis competitivo** e mesmo pode dar lugar a novas iniciativas de negocio verdes e sustentables.

No período 2021-2022 Cultigar renovou ata 2024 o **convenio de investigación** coa Consellería do Medio Rural para a mellora do material forestal de reprodución de carballo e bidueiro no que se inclúen estudos da calidade da madeira. Tamén se abordaron **novos proxectos de investigación** (8) con empresas privadas e centros públicos para a posta a punto do cultivo *in vitro* de diferentes especies ornamentais, hortícolas e froiteiras con alto valor engadido (piña, plátano, arando, monstera, strelitzia, especies endémicas de zona de costa portuguesa, *Camelia sinensis*, wasabi, oliveira ou lúpulo). Durante o período 2021-2022 Cultigar participou en diferentes **congresos e xornadas divulgativas** e contribuíu á **formación de estudantes en prácticas** de distintos ciclos (Xestión Forestal e do Medio Natural, Análise e Control de Calidade) e do grao en Bioloxía.



FERTRI

ALCANCE CULTIGAR

PRODUCCIÓN CULTIVO *IN VITRO*

ESPECIES FORESTAIS:

69.400 UNIDADES

CASTIÑEIRO, CERDEIRA E CARBALLO

ESPECIES FROITEIRAS:

18.000 UNIDADES

ARANDO E KIWI

INVESTIGACIÓN

8 PROXECTOS

CULTIVO *IN VITRO* DE DIFERENTES ESPECIES

CONVENIOS

1 CONVENIO DE INVESTIGACIÓN

MELLORA DO MATERIAL FORESTAL DE
REPRODUCCIÓN E ESTUDOS DA CALIDADE
DA MADEIRA



XUVENTUDE E MOBILIDADE

EMPREGO XUVENIL VOLUNTARIADO EUROPEO

Unha gran parte do traballo e da atención da Fundación Paideia Galiza ten que ver con como acompañar os mozos e mozas para que teñan opcións e oportunidades de alcanzar as súas aspiracións, a nivel persoal e social. Tratamos, con este eixe de traballo, de operativizar o noso compromiso de apoio e impulso ás capacidades, desexos, talentos, ideas e creatividade da mocidade. Non só son o mañá, son tamén o presente, e son tamén o enlace cos legados que merecen ser mantidos.

Poñemos especialmente o foco de atención en mozas e mozos con menos oportunidades, que parten dunha situación de desvantaxe e necesitan contextos diferentes. Aquí é onde a nosa fundación trata de achegarlles oportunidades que esperten as súas ganas de aprendizaxe, experiencias e proxección futura que toda persoa nova necesita para desenvolverse da maneira máis integral posible.

Aprendín a romper barreiras e a encontrar o meu camiño.



ALCANCE XUVENTUDE E MOBILIDADE





EMPREGO XUVENIL

2021-2022

O obxectivo dos proxectos de emprego xuvenil é facilitar o acceso ao emprego a mozas e mozos sen formación que abandonaron os seus estudos, aos que posúen formación pero teñen dificultades para acceder a un posto de traballo ou ben a aqueles que chegan ao noso país sen formación nin recursos.

A través da aprendizaxe non formal, pretendemos favorecer o seu desenvolvemento persoal e potenciar as súas capacidades individuais. Ofrecemos formación en diversas temáticas e sectores e a posibilidade de desenvolver estancias formativas fóra de Galicia.



VOLUNTARIADO EUROPEO

2021-2022

O Voluntariado Europeo é unha acción pertencente ao Corpo Europeo de Solidariedade, programa financiado pola Comisión Europea.

A través deste proxecto, **mozos e mozas de entre 18 e 30 anos** poden realizar unha estancia de ata 12 meses noutro país da Unión Europea realizando o seu **voluntariado en entidades sen ánimo de lucro**. As persoas voluntarias colaboran en actividades con distintos tipos de colectivos en temáticas relacionadas coa educación, o medio ambiente, a cultura e o ámbito social. Ao longo da súa estancia as mozas e os mozos melloran as súas competencias persoais e profesionais, aprenden novos idiomas e a compartir e coñecer culturas diferentes.


A Fundación Paideia Galiza xestiona estes proxectos desde 1999 como organización de envío e acollida de mozos e mozas, grazas á colaboración e ao financiamento do INJUVE, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

T TESTEMUÑOS



*“Coñecín xente xenial, tiven a posibilidade de establecer lazos afectivos, de conectar con xente e de aprender e probar cousas. **Aprendín e traballei como desenvolver as miñas habilidades para coñecerme a min mesma e poder entregar ao mundo os meus valores**”.*

VERÓNICA CERQUEIRAS
Alumna do Taller Emprégate en Verde.
2021




*“Ata hai pouco **non sabía ben que ía ser da miña vida laboral, xa que levaba algúns anos traballando sen contrato e tentando atopar un futuro laboral máis estable**. Un día, acudín á Fundación Paideia e tiven a oportunidade de facer un curso do que a min me gustaba: a xardinaría. Neste curso aprendín moitas máis cousas que un oficio. Ao rematar o curso, propuxéronme un posto nunha das empresas colaboradoras e hoxe en día continuo traballando alí. Estou moi agradecido pola oportunidade”.*

ÁNGEL FERREIRA
Participante Proxectos Emprego
Xuvenil


*“Facer un proxecto de voluntariado significa **convivir, compartir, escoitar e sobre todo descubrir**. É unha experiencia moi positiva e gratificante en canto a coñecer persoas, aprender unha lingua, descubrir sitios novos, saber como vive a xente, compartir momentos ou probar comidas novas...”*

XURXO PRIETO
Voluntario en Italia



*“Se hai algo que destacar son as **mil e unha aventuras que vivín con outros voluntarios internacionais que agora considero os meus amigos**: cruzar o país facendo autostop, facer mil e unha acampadas tentando ver as auroras boreais, gozar da sauna ao estilo finlandés ou sobrevivir ao inverno con -20 °C son moitos dos records que non viviría se quedase en España”*

BEATRIZ PIÑEIRO
Voluntaria en Finlandia





E EMPRENDEMENTO

CIE MANS

ESTUDIOS MANS

EMPRENDEMENTO SOCIAL

A definición moderna de emprendemento non inclúe só a acción de crear, innovar e arriscarse, senón tamén a finalidade de transformar o mundo que nos rodea resolvendo problemas e carencias e iniciando un necesario cambio social.

Queremos fomentar o emprendemento desde

esa perspectiva de cambio, tanto desde un modelo empresarial como desde o apoio á creatividade artística ou musical. Todo iso coa mirada posta sempre na creación de emprego e no desenvolvemento de proxectos innovadores e sustentables e co foco no compromiso e a cooperación social.



*Reflexionar, compartir e crear
redes arredor de obxectivos
comúns.*





CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS MANS A CORUÑA E PADRÓN 2021-2022

O Centro de Iniciativas Empresariais Mans ten como **obxectivo a promoción e o apoio de proxectos empresariais**, ofrecendo unhas instalacións cómodas, abertas e adaptadas a calquera tipo de actividade e prestando todos os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.

A súa sede do Polígono de Pocomaco na Coruña conta con máis de 6.000 m² con oficinas de diferentes tamaños, espazo coworking, salas de reunións e formación, espazos para eventos, cafetería, ximnasio ou sala de lecer.

A sede de Padrón conta cun espazo coworking de 400 m² distribuídos en 10 salas de diferentes formatos. A súa localización é **estratéxica e está dirixida a profesionais de todos os sectores** con interese por traballar desde o rural e xerar comunidade.

Estes espazos son únicos na provincia da Coruña. Desde eles búscase favorecer o tecido empresarial galego mediante a **constante creación de oportunidades que faciliten as sinerxías** entre as empresas e tamén con outras entidades do sector empresarial. Todo isto é posible grazas á organización de xornadas de networking de distintas temáticas, á sinatura de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas ou á proposta como sede para albergar distintas exposicións como *Circular Labs* (2021) ou *Xuventude Crea* (2022), entre outras actividades.




Coworking


Café

Laboratoire
IMPRESIO
3
Unité Biomé
relic

ALCANCE CIE MANS



T TESTEMUÑOS



"Estar nun espazo como este permíteche coñecer moita xente e xerar contactos. Realmente aquí somos felices e non cambiaríamos a localización da nosa oficina por ningún outro lugar".

EVA GARABAL E ISMAEL BLANCO

Deloga, Consultoría de Políticas Públicas, Desenvolvemento Territorial e Políticas Sociais - CIE Mans A Coruña



"Considero que no meu proxecto ten que haber sempre unha unión entre sociedade e música; por iso penso que iniciativas como esta son moi necesarias para apoiar a xuventude con talento que non sabe a onde dirixirse e busca asesoramento".


BEA A DE ESTRELLA (BEATRIZ MOSQUERA)

Emprendedora no sector musical desde 2021 - CIE Mans A Coruña



*“Coñecemos o CIE Mans por outra empresa que estivo aquí aloxada e non dubidamos nin un minuto que era o **lugar ideal para traballar**. O bo ambiente que se respira por parte de todo o equipo, os servizos que temos á nosa disposición e sobre todo o feito de ter cafetería é algo que non se ve noutros centros de coworking”.*

NATALIA CORRAL E PABLO BECERRA
Swipe Up, Marketing Digital - CIE Mans
A Coruña



*“Destacaría tamén o labor de descentralización deste coworking, rompendo coa faceta urbanita deste tipo de centros e **ofrecendo un espazo de traballo, con servizos de calidade, nunha zona rural**”.*

MELISSA BOUZAS
Galiwonders, Axencia de Viaxes do
Camiño de Santiago - CIE Mans Padrón



ESTUDIOS MANS

2021-2022

Estudios Mans é un **estudio de gravación** situado na Coruña. Está dirixido a artistas e grupos musicais, produtoras de cinema ou axencias de publicidade e fotografía. A sala de gravación, de gran formato, pode albergar tanto grandes producións musicais como grupos de formación reducida.

Independentemente da parte comercial do estudio, a Fundación Paideia Galiza desenvolve, a través de Estudios Mans, diferentes actividades encamiñadas a **contribuír á profesionalización do sector** e a xerar **oportunidades a músicas/os emerxentes** a través de programas formativos, ciclos de xornadas ou concursos como Sonidos Mans ou Sonidos Mans Salas.

Todas estas accións realízanse en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI), o Fondo Social Europeo, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), a Deputación da Coruña ou o Grupo Mahou-San Miguel, socios dos nosos proxectos para o desenvolvemento de accións formativas e de promoción do talento emerxente.

O programa **La Residencia**, en colaboración con Radio 3, permitiu que grupos e artistas de nivel internacional como Xoel López, Rozalén, Zahara, Rodrigo Cuevas, Iván Ferreiro, Izal, Luisa Sobral, Depedro ou Love of Lesbian puidesen desenvolver e gravar novos temas no noso estudio.



ALCANCE ESTUDIOS MANS


161 MÚSICOS/AS PARTICIPANTES
EN ACCIONES FORMATIVAS

146 DOCENTES, TITORES E
RELATORES DA INDUSTRIA MUSICAL

1.089 BANDAS INSCRITAS
EN CERTAMES/CONCURSOS

412 MÚSICOS/AS QUE
GRAVARON EN ESTUDIOS MANS

T TESTEMUÑOS



"Estes premios axudáronme a mellorar moito a calidade co disco que gravei en Estudios Mans. Sentínme moi cómoda, ben acollida e tratada. Non me arrepinto de nada e estou moi agradecida. Se puidese repetir faríao sen dúbida!"

CAMILLE HEDUIN (MOUNQUP)
Gañadora Sonidos Mans.



"Sempre pensei que unha das grandes fallas da industria musical era a escasa formación que se ofrecía. Grazas a este coworking, por fin puiden afianzar de golpe moitas desas cuestións que foron dúbidas no pasado e que tardei anos en aprender, así como resolver outras que hoxe en día me converteron en mellor profesional!"

SIXTO MARTÍN (LA TRINIDAD)
Coworking Industrias Musicais



“A nosa experiencia en Estudios Mans como gañadoras do concurso de bandas galegas emerxentes fíxonos crecer como proxecto. Foi moi produtivo contar cun equipo disposto a escoitar e traballar connosco. En definitiva, esta experiencia reforzounos e deunos a oportunidade de ter material profesional para visibilizar a nosa música”.

ZELTIA ACUÑA (ZELTIA IREVIRE)
Sonidos Mans Salas.



“Creo que o coworking sobre emprendemento musical é moi necesario e alentador para formar e profesionalizar o sector da música no noso país. Un sector no que, ata hai pouco, só existían poucas opcións de formación e escasas saídas para o talento emerxente. Ademais, un magnífico lugar de encontro e reflexión para os profesionais do sector”.

MANUEL COLMENERO (SONOBOX)
Formador/Docente



EMPRENDEMENTO SOCIAL 2021-2022

O emprendemento social afunde as súas raíces nos problemas dunha boa parte da cidadanía, abordando sectores onde o mercado non funcionou como se esperaba e as administracións públicas actúan de maneira ineficiente sobre el.

Desde o convencemento de que “querer é poder”, a nosa organización, como entidade aberta, independente e plural, ademais de promover os seus propios proxectos de intervención social, apoia e coopera económica, técnica e xuridicamente con outros proxectos de emprendemento social da sociedade civil.



reando redes
MEI 2022

reando redes
MEI 2022

TER
US

ALCANCE EMPRENDEMENTO SOCIAL



T TESTEMUÑOS



FUNDACIÓN MOZAMBIQUE SUR

Colaboración coa Fundación Mozambique Sur para a xeración de recursos alimentarios propios da Casa do Gaiato, un centro de acollida para menores orfos en Mozambique.

"Para nós é de vital importancia aumentar a capacidade de xeración dos propios recursos do orfanato co que colaboramos desde hai case 20 anos, a Casa do Gaiato de Mozambique. Por iso, estamos a apostar forte por aqueles sectores, como o da produción de polos, que por unha banda constitúen unha fonte de alimentos fundamental para os nenos e mozos da casa, e por outra banda teñen unha moi boa saída no mercado, co cal se vende o excedente para obter recursos económicos cos que sufragar outras necesidades dos nenos".


"Grazas ao apoio da Fundación Paideia, puidemos ampliar e reformar os aviarios, aumentando a produción anual de polos de 32.000 a 50.000.

Diminuíuse o custo enerxético mediante a adquisición de novos xeradores moito máis eficientes".

"O proxecto supuxo un antes e un despois, modernizando unha área estratéxica para o futuro da Casa do Gaiato de Mozambique. Agora conta cunhas bases moito máis sólidas para producir un alimento tan básico para o día a día dos nenos como é o polo e, ao mesmo tempo, para conseguir recursos mediante a súa venda a restaurantes, hoteis e particulares. O obxectivo a longo prazo é que a Casa sexa practicamente autosuficiente, e proxectos como o que fixemos co apoio da Fundación Paideia achégannos moito máis a ese obxectivo".

DANIEL FERNÁNDEZ

Coordinador da Fundación Mozambique Sur.



ASOCIACIÓN CLÁSICAS Y MODERNAS

Colaboración para a posta en marcha do Primeiro Encontro Internacional Mulleres da Escena en Igualdade, organizado pola Asociación Clásicas y Modernas, que traballa pola igualdade de xénero.

O Primeiro Encontro Internacional Mulleres da Escena en Igualdade -MEI 2022- celebrouse na cidade de Vigo en outubro de 2022 e constituíu un foro para o diálogo, o debate colectivo e o intercambio de ideas desde as múltiples voces e perspectivas das Mulleres da Escena. Este encontro permitiu poñer en común experiencias de creadoras de máximo nivel de España e Europa.

“Conscientes das desigualdades sistémicas que perduran no sector, estas xornadas permitiron reflexionar, compartir e crear redes arredor de obxectivos comúns: facilitar a recuperación, produción e circulación de obras creadas por mulleres dentro dos circuitos europeos e elaborar propostas para tentar erradicar definitivamente esta desigualdade”.

“Continuar poñendo o foco na necesidade de conseguir a igualdade nas artes escénicas é un obxectivo que non se pode acadar sen encontros que xeren sinerxías de continuidade na loita polo cumprimento efectivo da Lei de igualdade, coa finalidade última de conseguir unha sociedade máis xusta e democrática”.

MARIANA CARBALLAL

Coordinadora MEI 2022, Vogal Xunta Directiva CYM.

T TESTEMUÑOS



FUNDACIÓN YEHUDI

Colaboración co Programa MUS-E, que introduce as artes nos centros educativos.


A Fundación Yehudi Menuhin España e a Fundación Paideia Galiza, coa colaboración de entidades públicas locais e autonómicas de educación e cultura, desenvolven o programa MUS-E nas catro provincias galegas. O programa desenvólvese en horario lectivo en 13 centros escolares públicos galegos situados en núcleos rurais e urbanos en áreas de atención prioritaria.

O programa baséase na utilización da arte como motor na construción de persoas, grupos e sociedades. Ten como principios a potenciación da comunidade educativa, o desenvolvemento do sentido crítico, a intervención grupal, o compromiso, a participación e a inclusión social abrazando a diversidade funcional e étnica. Tamén se promove a utopía como realidade xeradora do sentimento de cambio.

*“Traballamos nestes momentos con máis de 1.700 alumnos/as de educación primaria e secundaria. **O Programa MUS-E aplica a arte á educación formal**, desenvolvendo a creatividade, a intelixencia emocional e a imaxinación dos menores, e fomentando a diversidade (cultural, física, psíquica) como riqueza e potencial para crecer”.*

ANTONIO MERINO

Proxectos Fundación Yehudi Menuhin España.



IES RAFAEL DIESTE

Creación de aulas TIC e dotación de material de educación física no IES Rafael Dieste da Coruña para favorecerlle ao alumnado o acceso ás novas tecnoloxías e a práctica de novos deportes.

“A creación de aulas TIC no noso centro supuxo poder levar a cabo un ensino adaptado ás demandas da nosa sociedade actual. Unha parte do noso alumnado non ten fácil o acceso ás novas tecnoloxías como ferramenta didáctica, e esta oportunidade de facelo desde o centro supón un pulo para a igualdade de oportunidades”.

“A incorporación de novo material de educación física permitiu, por unha banda, facer máis segura a instalación e, por outro, coñecer e practicar novas actividades e deportes como o pimpón. Tróuxose un deportista paralímpico que lles ensinou como xogar, e actualmente a mesa é utilizada en todos os recreos, a través de torneos ou de forma espontánea polo alumnado. Unha opción de utilización do seu tempo libre de forma saudable”.

LETICIA OGANDO

Profesora de Educación Física

ERICA
COLATE



STUDIOS



F FORMACIÓN

Desde a súa orixe, a Fundación Paideia Galiza constituíuse cunha vocación de espazo aberto no que se propiciase o debate e a reflexión. A súa primeira etapa está marcada polos programas de formación dirixidos ás/os profesionais da educación, a saúde mental ou os servizos sociais. Ao longo dos anos, a fundación foi evolucionando e ampliando

as áreas de interese, poñendo a formación á disposición da sociedade.

Durante 2021 e 2022 organizáronse ciclos de conferencias e xornadas; formación especializada en áreas como a industria musical ou o márketing dixital; e formación para o emprego, sempre cun enfoque práctico.

Entendemos a paideia como algo inherente á nosa organización, presente en todas as nosas áreas de traballo.

LA FALSA VERDAD

11 de noviembre 2021

27 de enero 2022

3 de marzo 2022

Organiza  PAIDEIA
galiza fundación





CICLOS E XORNADAS

2021-2022

Ciclo de conferencias **“Cara a unha nova ruralidade. Deseño, sustentabilidade, territorio”**.

Ciclo de conferencias **“A falsa verdade”**.

Ciclo de conferencias **“As novas desigualdades”**.

Sesión especial do XIV CONGRESO INTERNACIONAL DE ONTOLOXÍA **“Retos para a intelixencia artificial: do xuízo moral ao xuízo estético”**.

Conferencia **“Boas prácticas nos sistemas de apoio a persoas con discapacidade”**.

Ciclo de conferencias **“Neurociencia e xustiza”**.

Ciclo de conferencias **“Cara a unha economía local rexenerativa”**.

Ciclo de xornadas **“Amplificando o directo: novos escenarios no contexto dixital”**.

Ciclo de xornadas **“A volta in-perfecta”**.

Foro Empuxe de Participación Cidadá.

Ciclo de xornadas **“Cultura Rural Sustentable”**.



FORMACIÓN ESPECIALIZADA

2021-2022

Coworking de emprendemento musical na industria dixital desenvolvido en liña e de xeito presencial en todo o territorio nacional durante a pandemia.

Coworking de emprendemento musical. Realizadas dúas edicións presenciais, de 5 meses de duración, nas cidades de Vigo e Málaga durante o ano 2022.

Márketing dixital, empregabilidade e cooperativismo. Accións formativas para fomentar o cooperativismo entre a mocidade. Celebradas dúas edicións entre 2021 e 2022 nos concellos de Boiro (A Coruña) e As Pontes (A Coruña).

Coworking de emprendemento sustentable de proxectos culturais e artísticos no rural promovido a través de a Asociación Deloia e outros dous Grupos de Desenvolvemento Rural. Desenvolvido de maneira presencial desde a sede de Padrón e dirixido a proxectos de toda Galicia.



FORMACIÓN PARA O EMPREGO

2021-2022

Cursos de operario de almacén.

Curso de administrativo básico.

Cursos de ofimática.

Cursos de mantemento de edificios e locais.

Cursos de economía verde.

Cursos de competencias básicas para o emprego.

Taller On The Beat.

Talleres Emprégate en Verde.

Talleres Residencia Artística Xuvenil.



ALCANCE FORMACIÓN



CICLOS E XORNADAS

2217 PARTICIPANTES

106 RELADORES



FORMACIÓN ESPECIALIZADA

207 PARTICIPANTES

188 DOCENTES E TITORES/AS



FORMACIÓN PARA O EMPREGO

251 PARTICIPANTES

47 DOCENTES E TITORES/AS






OUTROS PROXECTOS

A *Paideia* era para os gregos a base da formación dos homes e mulleres como cidadáns e persoas libres.

A *Paideia* grega buscaba unha formación completa e integral da persoa, non só como un desenvolvemento intelectual, senón tamén moral, ético e mesmo técnico: “saber ser e saber facer”.

Con esta premisa e coa nosa vocación de traballo en rede, sempre promovendo a colaboración con axentes sociais públicos e privados, cada ano participamos en novos proxectos que busquen un maior **equilibrio** e reforcen os valores da **xustiza social**, sen esquecer o compromiso coa **igualdade, a innovación ou a sustentabilidade**.



A enormidade dos cambios implica todos os ámbitos da tarefa humana.



XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21·22

PAIDEIA
galiza fundación



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA





OUTROS PROXECTOS

2021-2022

CARTA DE SANTIAGO. DIÁLOGOS PARA UNHA SOCIEDADE DE FUTURO

Carta de Santiago foi un evento aberto con vocación de dar **voz á comunidade global nun momento de profundas reformulacións e cambios de valores** tras a crise do coronavirus.

Durante tres días, personalidades de varias disciplinas sociais e culturais, do panorama estatal e internacional, déronse cita en Santiago de Compostela para debater sobre os retos de futuro do século XXI. Profesionais de ámbito internacional de diferentes áreas de coñecemento achegaron a súa visión sobre diversos ámbitos da **cultura e as artes, a economía, o medio ambiente, a ciencia ou a tecnoloxía**. As reflexións do foro recóllense na publicación “Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro”.

Este proxecto estivo impulsado pola colaboración da Xunta de Galicia e a Fundación Paideia Galiza no marco do Xacobeo 21-22.





OUTROS PROXECTOS

2021-2022

MÁRketing DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO

Esta acción foi unha iniciativa conxunta da Fundación Paideia Galiza, a Escola de Organización Industrial (EOI) e a Deputación da Coruña, mediante a cal se pretende mellorar a empregabilidade da mocidade galega creando novas oportunidades a través de modelos de traballo cooperativo.

Os concellos de Boiro e As Pontes de García Rodríguez acolleron o programa formativo “Márketing dixital, empregabilidade e cooperativismo”, unha acción nova dirixida a menores de 30 anos en situación de desemprego. As persoas participantes recibiron 250 horas de formación co obxectivo de crear en grupo proxectos de cooperativas no sector do márketing dixital. Premiáronse as mellores propostas e recibiron apoio financeiro para a constitución e o desenvolvemento da súa cooperativa durante o ano 2022. Un dos proxectos participantes nesta acción, a cooperativa Kracia, recibiu o premio ao “Proxecto innovador 2022”, outorgado pola Escola de Organización Industrial.



Reunión da Comisión Técnica da Fundación Paideia Galiza (1986)

P PADROADO

D.ª Sandra Ortega Mera

Presidenta

Licenciada en Psicoloxía
Presidenta da Fundación Paideia Galiza

D. Guillermo Vergara Muñoz

Vicepresidente

Diplomado en Turismo
Vicepresidente e Director de Proxectos
da Fundación Paideia Galiza

D.ª María Cotón Fernández

Secretaria non patroa

Licenciada en Dereito
Responsable da Asesoría Xurídica
da Fundación Paideia Galiza

D. Federico Menéndez Osorio

Vogal

Doutor en Psiquiatría. Médico psiquiatra
Expsiquiatra da Universidade
de Saúde Mental Infantil
(Hospital Infantil Teresa Herrera A Coruña)

D. José Antonio Seoane Rodríguez

Vogal

Doutor en Dereito e experto en bioética sanitaria
Catedrático de Filosofía do Dereito, Universidade da Coruña
Membro do Comité de Bioética de España

D. José Fresnedo Amado

Vogal

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais
Managing Director do Grupo Rosp

D. Demetrio García de León Solera

Vogal

Licenciado en Socioloxía. Especialidade industrial
Ex-xefe do Servizo de RRHH e Procesos Participativos. Área de Goberno
de Desenvolvemento Urbano Sustentable (Concello de Madrid)



E EQUIPOS

DIRECCIÓN E EQUIPOS

PRESIDENCIA e VICEPRESIDENCIA EXECUTIVA

Desenvolvemento de persoas e organizacional

Secretaría

Asesoría Xurídica

Económico-financeiro

IT - Informática e tecnoloxía

Mantemento

Proxectos

Comunicación

ÁREAS DE TRABAJO

Os nosos proxectos, servizos e empresas céntranse nos seguintes colectivos e/ou áreas de traballo:

Discapacidade e emprego

Xuventude e mobilidade

Emprendemento

Desenvolvemento rural

Formación e divulgación



E EQUIPOS

PROXECTOS E SERVIZOS

ANTEAR
SIAXS - Servizo de Asesoramento Xurídico e Social
Emprego Xuvenil
Voluntariado Europeo
Centro de Iniciativas Empresariais Mans
Estudios Mans
Asociación DELOA
Cultigar
Formación

GRUPOS DE EMPRESAS

GRUPO TRÉBORE - Empresas de Economía Social

Trébore Regalo de Empresa y Diseño Gráfico
Trébore Servicio Integral
Trébore Jardinería



D DATOS ECONÓMICOS

ORZAMENTO DE ACTIVIDADE

2021

2.547.979 €


2022

2.619.043 €


TOTAL

5.167.021 €


A que áreas de traballo destinamos os nosos
fondos en 2021 e 2022?




Discapacidade
e emprego




Xuventude
e mobilidade



Emprendemento




Desenvolvemento
rural




Formación




Fontes de financiamento




Colaboracións entidades privadas



Subvencións, colaboracións entidades públicas



Vendas e outros ingresos actividade mercantil



Ingresos, accesorios e outros de xestión corrente

Datos económicos correspondentes á xestión de proxectos e de estrutura, non incluíndose axustes contables por valoración de usufrutos e outros.

Máis información económica en www.paideia.es

